

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Área / Materia	Instrumentos de avaliación	Pesos	Observacións
CULTURA CLÁSICA	Coñecementos adquiridos e manifestados nos distintos exames, exercicios, traballos, etc.	60%	
	Presentación de traballos orais e escritos nos que se terá en conta a procura de información, o tratamento da mesma, a realización do traballo escrito e a exposición oral do mesmo.	30%	Os alumnos realizarán un traballo deste tipo por avaliación, nuns casos sera grupal e noutros individual.
	Actitudes exhibidas ao longo do curso, reflectidas na súa asistencia, puntualidade, participación e comportamento en clase; na dilixencia e pulcritude na entrega de traballos, exercicios, etc., no seu interese cara ás distintas manifestacións lingüísticas e literarias estudadas durante o curso.	10%	A deficiente presentación (caligrafía, marxes e sangrías, riscaduras, etc.) dos escritos, poderá dar lugar a unha penalización de ata 1 punto na súa cualificación.

5.4. MOTIVOS PARA A PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA.

Os alumnos de E.S.O. poderán perder o dereito á avaliación continua se faltan a clase inxustificadamente (ao longo do curso). De darse este suposto, o alumno absentista terá dereito a un exame final, que realizará o departamento por cursos.

5.5. PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN

5.5.1. Materia durante o curso:

Reforzase a adquisición de contidos mediante a realización de exercicios e, levando a cabo un maior seguimento da marcha do alumno.

5.5.2. Materias pendentes doutros cursos:

Empregaranse as medidas de atención á diversidade pertinentes. Reforzarase a adquisición de contidos mediante a realización de exercicios e, levando a cabo un maior seguimento da marcha do alumno.

5.5.3. As probas extraordinarias.

As probas extraordinarias da E.S.O. consistirán na realización dunha proba obxectiva (para todos os cursos) que partirá dos contidos mínimos, previstos nesta programación, para cada curso. Os devanditos contidos exponse, coa suficiente antelación, nos taboleiros de anuncios do Centro.